

ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 26 XULLO 2018. ACTA 09/2018

“3. Sobre as autorizacións de espectáculos pirotécnicos.

Considerando que se trata dunha actividade na que se manipulan materiais perigosos, para os cales se deben establecer mecanismos de control rigorosos, e co fin de favorecer que ditos mecanismos funcionen adecuadamente.

Vistas as consecuencias que pode ter o incumprimento das normas e o doado que pode ser incumprilas, coas consecuencias de todos sabidas,

rogamos:

Que o Sr. Alcalde estableza como parte da normativa para a autorización dos espectáculos pirotécnicos que: “Toda solicitude deberá vir acompañada dunha copia actualizada dos permisos que acrediten que a empresa pirotécnica conta coas autorizacións e licencias precisas”.

Suxerimos que para unha mellor redacción da norma a establecer se requira da participación dos técnicos de Secretaría e Intervención.